



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE DE MEAÑO AS COVAS

Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas é un centro dunha sola línea situado na rúa Herminia Fariña s/n, no concello de Meaño (Pontevedra). A dirección da súa páxina web é <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmeanhoascovas/> e o seu correo electrónico ceip.meanho.ascovas@edu.xunta.gal.

No presente curso 2021-2022 ten 43 alumnos e alumnas na etapa de educación infantil e 101 na de primaria, facendo un total de 144. En canto ao profesorado, na actualidade conta cun claustro de 16 integrantes, ademais de dúas mestras asignadas polos plans Arco (primeiro trimestre) e PROA+ e dous mestres compartidos con outros centros para a materia de relixión.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A condición socioeconómica dos habitantes de Meaño é media, tendo na agricultura e no sector servizos o modelo económico-laboral fundamental que ocupa directamente ás tres cuartas partes da poboación; a construción, e profesións paralelas á mesma, os transportes e o comercio supoñen tamén as principais actividades do sector. Continúa sendo relevante a existencia dunha economía complementaria para o consumo familiar baseado nas colleitas propias e a viticultura como actividade paralela. En moitas familias os avós e avoas seguen a desempeñar un papel importante na vida familiar dada as dificultades evidentes para conciliación horaria.

Cada vez percíbese unha maior inquietude e valoración da cultura, a cal desexan e preocúpanse para que a adquiran as novas xeracións. Queremos destacar a importante tradición no concello respecto á música coa Banda Municipal de Meaño e a súa escola de música. Todo un referente na comarca e que supón un dos maiores activos sociais do concello.

No campo asociativo, hai un avance importante. Na actualidade, en Meaño hai diversas asociacións culturais e de veciños, destacaremos entre elas: Asociación cultural Penaguda, Asociacións de mulleres rurais, Asociacións deportivas, etc.

O Plan dixital convertirase nunha ferramenta máis para conseguir os obxectivos reflectidos no Proxecto educativo de centro no que destacan por riba de todo o benestar e coidado da infancia que implica ademáis do proceso educativo, o desenvolvemento cognitivo, sensoriomotor, emocional, afectivo-social, a construción da identidade e o desenvolvemento da personalidade. Este plan debe achegar as ferramentas dixitais ao alumnado coidando que sexan seguras para eles e axudando ao resto da comunidade a ter estratexias para que así sexa. Debemos camiñar cara unha revisión das metodoloxías tendo en conta as fortalezas e debilidades do alumnado, facendo que os cambios sexan meditados, pensados e progresivos e fundamentadas nas experiencias de aprendizaxe, proxectos de investigación, estratexias de pensamento, contextos de aprendizaxe e ambientes educativos. O centro xa está inmerso en diversos plans que camiñan cara estes fins como o plan de bibliotecas escolares e LIA2, que fan desta o eixo vertebrador da actividade escolar dende a que xorden as diferentes propostas. O plan dixital integrarase para seguir evolucionando e converter a escola nun centro social e cultural, aberto a toda a comunidade na que todos e todas teñan cabida. Xunto a programas como radio na escola, os diferentes contratos programa e o Erasmus +, o obxectivo será a conexión e relación do centro e o seu alumnado coa súa contorna e o mundo que os rodea. A implantación do Plan dixital axudará tamén, nunha primeira etapa, a avaliación deste proceso e a inmersión do alumnado e de toda a comunidade no mundo da programación e a tecnoloxía.

Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital elabórase atendendo á normativa vixente que se enumera a continuación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

A redacción do presente documento é froito da participación do claustro de mestres e mestras que a través do Equipo de Dinamización do Plan de Dixital colaboraron nas diferentes etapas do proceso. Tras a constitución de dito equipo e co asesoramento do ADIX Vilagarcía procedeuse a facer unha enquisa na que participou o alumnado, o profesorado e na que se pretendía que aportasen a súa opinión sobre a actualidade en relación coa estratexia e a práctica no uso das tecnoloxías dixitais de ensinanza e aprendizaxe. Unha vez realizado o informe da mesma e o análise das debilidades, ameazas, fortalezas e debilidades do centro procedeuse á redacción dos obxectivos prioritarios que serán perseguidos no vindeiro curso e que, nalgún caso, xa tiveron a súa fase inicial no presente.

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital, com resultado destas actuacións, redactou este documento coa intención de que se convirta en obxecto de reflexión e compromiso da comunidade educativa para a evolución no bo uso das ferramentas dixitais e a utilización das mesmas no proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado do centro.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro forma parte do Plan Escolas Conectadas polo que posúe conexión wifi de alta velocidade e simétrica en todas as aulas e dependencias do centro, exceptuando o pavillón (Concello). Tamén está inmerso no Plan EVA-Edixgal,

contando con dúas aulas equipadas (5º e 6º) con equipos para todo o alumnado, pizarras e proxector. En canto á biblioteca escolar, grazas ao PLABE e programa LIA2, esta foi equipada para converterse en centro da actividade dixital da escola.

EQUIPAMENTO		
AULA	DISPOSITIVOS ALUMNADO	DISPOSITIVOS PROFESORADO
Ordenadores		
Educación Infantil (3aulas)		1 por aula
1º - 4º Educación primaria		1 por aula
5º e 6º	38 ultrapotátiles	2 por aula + 6 uso individual
Biblioteca	3 portátiles/ 1 sobremesa	1 portátil
Aula de Inglés	2 sobremesa	1 sobremesa
Aula de Música		1 sobremesa
AL - PT		1 portátil
Orientación		1 sobremesa
Sala de mestres		3 sobremesa
Dirección		2 sobremesa
Material Común		
AULA	DISPOSITIVO	CANTIDADE
Biblioteca	Tablets	7
	Proxector	1
	Pantalla Multitáctil	1
	Impresora Dixital	2
	Impresora	1
	Robots	4 Scornabots 2 Robot Mouse
Radio	Mesa mezclas	1
	Periféricos	1
	Micros	5
Educación Infantil	Proxectores	3
Educación Primaria	Proxectores	6 (2 Edixgal)
	Pantalla dixital	6 (2 Edixgal)

Música	Proxector	1
	Pantalla Dixital	1
Inglés	Proxector	1
	Pantalla Dixital	1
Orientación	Impresora	1
Sala de mestres/as	Fotocopiadora	1
Aula común	Fotocopiadora	1
Itinerante	Cámaras de fotos	2
	Cámara de documentos	1
	Teléfonos Móviles	3
Outras	Equipo megafonía	1
	Ultrapotátiles fenda dixital	4
Equipos retirados	Almacén	19

O centro dispón de páxina web e aula dixital preparadas e en funcionamento. Os cursos 5º e 6º utilizan *EVA edixgal* así coma *Google for education*.

Como servizo de mensaxería e contacto coas familias o centro conta coas aplicacións Abalarmóbil e Tokapp.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE, incluímos a información do resumo das áreas do informe SELFIE da educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	4,3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,5

	Alumnado	4,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4,5

Test CDD: Incluimos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	15	86,7%
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	0	1	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	65,2	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	85,4	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	5	38,5%
B1	5	38,5%
B2	1	7,7%
C1	2	15,4%
TOTAL	13	100,1 %

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>O profesorado comparte boas prácticas a través de repositorios en liña.</p> <p>O centro conta con espazos físicos que facilitan o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>Existen novos equipamentos aos que non se lles saca partido debido á falta de tempo ou formación do profesorado.</p> <p>É necesaria a actualización dos equipamentos do centro.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Coñécense, respectanse e pónense en valor os dereitos de autor.</p> <p>O profesorado experimenta e incorpora a aprendizaxe dixital á aula.</p> <p>A incorporación das TIC'S obedece á reflexión do Claustro para enriquecer a metodoloxía.</p> <p>O profesorado participa activamente nos plans de formación de centro en busca da mellora da calidade educativa e a avaliación.</p>	<p>Non se adica tempo específico para a formación dixital do Claustro.</p> <p>Falta tempo e adicación á formación do profesorado nos recursos dixitais que teñen á súa disposición.</p> <p>Falta debate sobre o uso da tecnoloxía.</p> <p>Falta unidade na utilización de ferramentas dixitais na avaliación do alumnado.</p>
	ALUMNADO	<p>Foméntase a participación do alumnado en proxectos educativos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais (contextos).</p> <p>O alumnado aprende utilizando e desenvolvendo habilidades dixitais en diferentes contextos.</p> <p>O alumnado aprende a comprobar se a información atopada na internet é fiable.</p>	<p>Soamente se utilizan contornos virtuais de aprendizaxe no ciclo superior.</p> <p>Pouca utilización de recursos dixitais abertos.</p> <p>Uso desigual dos diferentes cursos da tecnoloxía dixital para o feedback entre o alumnado.</p> <p>Faltan estratexias para que o alumno utilice as tecnoloxías no seu proceso de autoavaliación.</p> <p>Non se lle adica tempo suficiente á aprendizaxe da codificación e programación.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Adícase unha sesión semanal á reunión do profesorado para a posta en común e resolución de dúbidas.</p> <p>O centro adquire para incluír no seu proxecto de escola novos recursos dixitais para o traballo interdisciplinar.</p>	<p>O centro non conta cunha estratexia dixital.</p> <p>Pouca utilización das ferramentas corporativas de aprendizaxe e comunicación.</p> <p>Requírese máis tempo e adicación á mellora e actualización das ferramentas dixitais de proxección externa.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Apoio económico a través de diferentes programas de innovación educativa.</p> <p>Plans de formación de profesorado.</p> <p>Plan LIA como facilitador do uso da biblioteca coma motor da escola: radio, televisión, robótica, impresión 3D...</p>	<p>Sobrecarga de traballo administrativo sen atender ás necesidades horarias do centro.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>Curriculos pouco flexibles e sobrecargados.</p>
	CONTORNA		<p>Diversidade das familias con diferentes accesos á realidade dixital.</p> <p>Uso excesivo e non vixiado das tecnoloxías fóra do horario escolar.</p>
	ANPA	<p>ANPA proactiva e involucrada no funcionamento do centro, aberta a novas propostas.</p> <p>Familias que queren formar parte activa da comunidade escolar participando tanto individualmente coma en forma de comisións da actividade educativa.</p>	

3. Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Prácticas de Avaliación							
OBXECTIVO: 1	Emprego de ferramentas de avaliación dixital					Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega estas ferramentas						
Valor de partida:	30% do profesorado emprega estas ferramentas						
Valor previsto e data:	100% do profesorado emprega estas ferramentas				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO 1.1: Creación dun grupo de traballo para a posta en marcha deste obxectivo	Coordinadora PFPP	Abril 2022	Profesorado titorías e especialistas Acta	Acta da xuntanza	Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
AO 1.2: Busca de bibliografía e posta en común sobre a avaliación	Equipos de traballo	Abril 2022	Bibliografía: "Avaliar e aprender: un único proceso" Pantalla dixital	Documento ideas principais Posta en común.	Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
AO 1.3: Selección de ferramentas para a avaliación das diferentes actividades	Equipos de traballo Ciclos	Xuño 2022	Equipos informáticos Aula dixital	Listaxe de ferramentas para cada actividade Banco común de actividades tipo e recursos	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO 1.4: Dixitalización das ferramentas de avaliación	Equipos de traballo	Novembro 2022	Equipos informáticos Aula dixital	Banco de recursos compartidos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 1.5: Creación dunha estrutura común de banco de recursos no que se inclúan as ferramentas de avaliación	Equipos de traballo	Decembro 2022	Aplicacións informáticas de avaliación.	Posta en marcha da avaliación coas aplicacións informáticas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 1.6: Aplicación normalizada dos recursos de avaliación por todo o profesorado	Equipo directivo	Xuño 2023	Aplicacións informáticas de avaliación Banco de recursos	Porcentaxe de utilización dos recursos de avaliación por parte de todo o profesorado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

Área/s de mellora: Pedagogía: implementación na aula						
OBXECTIVO: 2	Implementar un programa de iniciación á programación e á robótica para a comunidade escolar				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de experiencias con linguaxe de programación desenvolvidas no centro					
Valor de partida:	0 experiencias realizadas					
Valor previsto e data:	5 experiencias realizadas			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO 2.1: Creación dun grupo de traballo que se encargue deste obxectivo.	Coordinador TIC	Novembro 2022	Claustro de mestres e mestras do centro Acta	Acta da xuntanza	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 2.2: Seleccionar material inicial sobre robótica e programación.	Grupo de traballo	Decembro 2022	Ordenador Internet Web Aula virtual	Repositorio de recursos e listaxe de material necesario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 2.3: Realizar formación do profesorado sobre programación e robótica	Coordinador/a FFPP	Xuño 2023	PFPP Relator	Registro de asistencia á formación	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 2.4: Realizar experiencias piloto nalgunhas aulas do centro.	Titores/as	Xuño 2023	Ordenadores Robots Aula dixital	Registro das experiencias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

Área/s de mellora: Pedagogía: implementación na aula						
OBXECTIVO: 3	Concienciar no uso responsable das novas tecnoloxías á comunidade escolar				Acadado	
Responsable:	Coordinador Plan Dixital				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de alumnos que acadan un resultado positivo no cuestionario					
Valor de partida:	0% do alumnado acada un resultado positivo					
Valor previsto e data:	75% do alumnado acada un resultado positivo			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO 3.1: Investigar e reflexionar en asembleas de aula sobre os perigos da internet	Titorías	Decembro 2022	Equipos informáticos	Recopilatorio de boas prácticas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 3.2: Seleccionar e publicar documento informativo sobre os perigos da internet	Xunta de delegados/as	Marzo 2023	Equipos informáticos	Infografía	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 3.3: Seleccionar páxinas e repositorios de recursos abertos para a súa utilización en aula	Titorías	Marzo 2023	Equipos informáticos Aula dixital Web Aula Virtual	Listaxe de repositorios na web e AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 3.4: Crear e compartir os repositorios con toda a comunidade escolar	Coordinador Plan Dixital	Xuño 2023	Equipos informáticos Aula dixital Web Aula Virtual	Utilización de recursos abertos nas aulas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X
AO 3.5: Valorar o uso responsable de internet	Coordinador Plan Dixital	Xuño 2023	Enquisa	Resultados da enquisa	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	X

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital

O funcionamento e conectividade tanto da rede wifi como cableada é satisfactoria para o desenvolvemento das actividades de centro. Como proposta de mellora sería necesario mellorar o cableado que mantén unidos os dous edificios dos que consta a escola e, especialmente, a entrada da señal no edificio novo. Tamén sería importante realizar o reetiquetado das liñas de entrada e saída de datos para poder identificar as diferentes liñas e as conexións entre unidades (RACS).

Equipamento

A maioría dos equipos do centro están xa obsoletos e cómpre emprender unha renovación con especial atención aos primeiros cursos de educación primaria (1º-4º), onde sería necesario dotar de equipos portátiles ao alumnado para que poidan desenvolver as actividades de investigación necesarias, sobre todo nos contextos educativos. Tamén é importante non olvidar os equipos necesarios para os espazos de xestión nos que a renovación obedece tanto a unha mellora na calidade do traballo como para a optimización dos espazos.

Por outra banda, a maioría dos proxectores do centro xa teñen máis de dez anos e o seu funcionamento non cumpre coas necesidades do alumnado, dificultando a visualización dos traballos.

Por todo iso, feito un análise da situación, propónse a seguinte mellora:

NECESIDADES DE DOTACIÓN OU RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO		
AULA	DISPOSITIVO	CANTIDADE
Educación Infantil	Portátil	3 (Renovación)
	Proxectores	3 (Renovación) (Urxe 1)
Educación Primaria 1º-4º	Portátil alumnado	20 portátiles(1 por equipo de traballo)
	Proxectores	4 (Renovación) (Urxe 1)
Departamento Orientación	Impresora	1 (Renovación)
	Portátil	1 AI-PT

		1 Orientación
Itinerante	Carro - Portátiles	25
Sala de mestres	Portátiles	3
Dirección	Portátil	1

4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos farase do seguinte xeito:

- A **avaliación procesual** realizarase cunha frecuencia dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións plasmadas na táboa de obxectivos do apartado 3, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- A **avaliación final** realizarase unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O equipo TIC, dentro do que está o equipo de dinamización do Plan Dixital, será o encargado de dirixir o proceso de avaliación, atendendo ás propostas do Claustro en reunións ordinarias e ao resto da comunidade escolar a través da ANPA e órganos colexiados. Debe entenderse que este é un documento aberto e flexible que poderá presentar modificacións anuais a pesar de ter unha vixencia de catro anos.

5. Difusión do plan

Este documento, despois de ser presentado ao Claustro e aprobado polo Consello Escolar, será publicado na páxina web do centro no apartado reservado aos documentos oficiais de centro, pasando a formar parte do proxecto educativo de centro e tendo presenza na Programación Xeral Anual. Este Plan Dixital será publicitado a través das canles habituais de comunicación ás familias.